



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE FCC AQUALIA S.A. E A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS.

A Estrada, na data de sinatura dixital

COMPARECEN:

DUNHA PARTE, D Santiago Villanueva Álvarez, director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (en adiante AGASP), organismo autónomo adscrito á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, nomeado polo Decreto 152/2018, de 5 de decembro (DOG nº 235 do 11 de decembro), actuando en nome e representación da AGASP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 12 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.

DOUTRA, D. Jose Luis García Ibañez con D.N.I. 51.703.016-M en nome e representación de FCC Aqualia S.A. (en adiante a empresa), con CIF A-26.019.992 en calidade de representante legal segundo o establecido en escritura pública.

Ambas partes interveñen na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lle confiren, recoñecéndose reciprocamente capacidade e lexitimación bastante en Dereito para outorgar e firmar o presente Acordo de Colaboración, e tal efecto

EXPOÑEN:

Primeiro.- Que no DOG de data 7 de abril de 2017 publicouse o *Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.*

Segundo.- Que no artigo único do referido Decreto, punto Un) establecece que se engaden dúas novas letras D) e E) nos puntos 1 e 2 do artigo 6 do *Decreto 104/2012, do 16 de marzo, en virtude das cales a formación mínima para o acceso ao Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia amplíase aos seguintes supostos:*

Artigo 6.1:

- D) Título de Licenciado ou Graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas (CAFDO-IA), establecido no anexo V e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda.
- E) Título de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas (CAFDO-IA), establecido no anexo V e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda.





Artigo 6.2:

- D) Título de Licenciado ou Graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en espazos acuáticos naturais (CAFDO-EAN), establecido no anexo VI e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda.
- E) Título de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en espazos acuáticos naturais (CAFDO-EAN), establecido no anexo VI e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda.

Terceiro.- Que os anexos V e VI do *Decreto 35/2017, do 30 de marzo, regula o contido dos cursos CAFDO-IA, establecendo respectivamente o módulo de PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS, cunha duración de 80 horas.*

Cuarto.- Que a Agasp convocou no Diario Oficial de Galicia nº 181 de 20 de setembro de 2021, as seguintes actividades formativas en materia de socorrismo “*Curso de Adaptación da Actividade Física e Deportiva ao Socorrismo Instalacións Acuáticas*” que se está a desenvolver.

Quinto.- Que a empresa

- Xestiona o servizo das Instalacións Acuáticas “Centro deportivo Dorneda”, “Piscina municipal de Perillo”, en Oleiros.

- Xestiona o servizo das Instalacións Acuáticas “Piscina municipal do Carme”, “Piscina municipal de Lavadores”, “Piscina municipal de Teis”, “Piscina municipal de Valadares” en Vigo.

e posúe os recursos e instalacións necesarias para levar a cabo as prácticas profesionais non laborais de socorrismo.

Sexto.- Que as prácticas profesionais non laborais de socorrismo son un módulo formativo do curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo, o cal o alumno/a debe superar e está incluído no curso para instalacións acuáticas, a superación do citado módulo e preceptivo para obter os resultados de aprendizaxe que engloba completar a adquisición de competencias profesionais propias do socorrismo en instalacións acuáticas acadadas a través dos contidos teóricos e prácticos propios do curso en situacións laborais reais e adquirir unha identidade e unha madurez profesional motivadoras para a aprendizaxe ao longo da vida e para as adaptacións aos cambios das necesidades de formación.

Sétimo.- Que a AGASP é un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito organicamente á consellería con competencias en materia de interior e xustiza da Xunta de Galicia, que para o cumprimento dos seus fins goza de personalidade xurídica propia, autonomía funcional e plena capacidade de obrar.





Que a Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, pola que se crea a AGASP, establece entre os seus fins, que a Academia orientará a súa actuación ao enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia xunto co compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública e o impulso de calidade nos servizos para unha mellor atención o cidadán e unha maior satisfacción dos seus xestores.

Oitavo.- Que as partes recoñécense asinantes deste convenio recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación para a negociación e sinatura e expresan a súa intención de colaborar na realización das prácticas de Socorrismo, polo que acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.-

O obxecto deste convenio é a participación da empresa na realización do módulo *prácticas profesionais non laborais de socorrismo* que debe superar o alumno do curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas cunha duración de 80 horas.

SEGUNDA.- Obrigas das partes.-

1. A AGASP a través do Coordinador da actividade formativa comprométese a informar sobre o contido do programa formativo coa antelación necesaria ao seu inicio.
2. A empresa acollerá aos alumnos seleccionados do **“Curso de Adaptación da Actividade Física e Deportiva ao Socorrismo en Instalacións Acuáticas”**. Así mesmo, a empresa colaborará na realización das prácticas, respectando todo o recollido no *Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, e en especial no disposto nos Anexos V/VI.*

TERCEIRA.- Establecemento dunha comisión mixta de seguimento.-

Para o desenvolvemento e seguimento deste convenio créase unha Comisión Mixta paritaria, composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

CUARTA.- Orzamento.-

A sinatura deste convenio non implica, por parte da AGASP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2.021.

QUINTA.- Inexistencia de relación laboral.-



A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que realicen as prácticas da actividade e a Agasp ou a empresa.

SEXTA.- Modificación, denuncia e resolución do convenio.-

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unhas das partes facultará á outra para resolver ó mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

SÉTIMA.- Publicidade.-

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da dita subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e periodo de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto de especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

OITAVA.- Réxime xurídico.-

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo; adicionalmente pola lexislación de contratos do sector público e demais normas de dereito administrativo; e en defecto deste último polas normas de dereito privado.

As discrepancias que xurdan pola aplicación do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento. De persistir estas resolverá o Director Xeral da Agasp e o representante legal da empresa, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.

NOVENA.- Designación de Coordinador da Agasp.-

Nomease Coordinador da actividade por parte da Agasp a don **Carlos Vales Porto**.

DÉCIMA.-Vixencia.-

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por tódalas partes ata **o 1 de decembro de 2021**, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes da súa finalización, ou da finalización de cada unha das prórrogas.





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



**ACADEMIA
GALEGA
DE SEGURIDADE
PÚBLICA**

galicia

Este acordo de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade, asinan o presente convenio, no lugar e data arriba sinalados.

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	FCC AQUALIA S.A.
Santiago Villanueva Álvarez	Jose Luis García Ibáñez

